



Concello do Grove

Expediente nº 1348/2026

Asunto: Consulta pública para a aprobación da Ordenanza Municipal reguladora do estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo Camper e caravanas no Concello do Grove.

ANUNCIO

SUMARIO

*Providencia de Alcaldía do Concello do Grove pola que se dispón o inicio do trámite de consulta pública do **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO ESTACIONAMENTO E PERNOITA DE AUTOCARAVANAS, VEHÍCULOS TIPO CAMPER E CARAVANAS NO CONCELLO DE O GROVE** que ten por obxecto:*

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO ESTACIONAMENTO E PERNOITA DE AUTOCARAVANAS, VEHÍCULOS TIPO CAMPER E CARAVANAS NO CONCELLO DE O GROVE (expediente n.º 1348/2026)

TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO ESTACIONAMENTO E PERNOITA DE AUTOCARAVANAS, VEHÍCULOS TIPO CAMPER E CARAVANAS NO CONCELLO DE O GROVE, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na sede electrónica municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	Establecemento dun instrumento regulatorio que responda axeitadamente aos problemas que expón esta actividade para as persoas usuarias, administracións públicas e cidadanía en xeral, nos diversos ámbitos materiais afectados e sen esquecer a imprescindible ordenación co obxectivo de protexer os espazos municipais.
---	--

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358





Concello do Grove

Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	Contar cunha normativa específica co obxectivo de acadar maior seguridade xurídica e establecer maiores garantías para os autocaravanistas, promotores e xestores de zonas de estacionamento e puntos de reciclaxe, sexan de titularidade pública ou privada; xestores dos servizos municipais e para a cidadanía en xeral. Así mesmo, fomentar o desenvolvemento económico do municipio, especialmente coa promoción de espazos de uso público para autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas, como xacemento turístico e fonte de riqueza.
Obxectivos da norma	A regulación e ordenación de todos os aspectos relativos a esta actividade nas vías públicas municipais e nos espazos públicos do municipio, así como o establecemento das zonas con reserva de estacionamento ou de zonas con puntos de reciclaxe e os requisitos para a súa instalación e funcionamento, sexan de titularidade municipal ou de titularidade privada
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	Actualmente este Concello carece de regulación específica ao respecto, polo que a mellor vía para correxir a situación é proceder á aprobación desta ordenanza.

No Grove.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. José A. Cacabelos Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358

